

GRAZAS A DEUS

[François Ozon, 2019]

514

ESTREA EN NUMAX: 18.04.2019 | V.O.S.E. | +12

Grâce à Dieu (2019, 137')

Dirección: François Ozon

Guión: François Ozon

Elenco: Melvil Poupaud, Denis Menochet, Swann Arlaud, Eric Caravaca, François Marthouret, Bernard Verley, Josiane Balasko, Hélène Vincent, François Chattot

Son: Brigitte Taillandier

Música: Evgueni Galperine, Sacha Galperine

Montaxe: Laure Gardette

Dirección de arte: Philippe Cord'homme

Vestuario: Pascaline Chavanne

Fotografía: Manuel Dacosse

Produtoras: Mandarin Production, Scope Pictures (Francia)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2019 (Gran Premio do Xurado)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

O amante dobre, 2017

Frantz, 2016

Joven y bonita, 2013

En la casa, 2012

Potiche, mujeres al poder, 2010

Mi refugio (Le refuge), 2009

Swimming Pool (La piscina), 2003

8 mujeres, 2002

SINOPSE

Alexandre vive en Lyon coa súa familia. Por casualidade, decátase de que o sacerdote que abusou del cando era un boy scout segue a traballar con nenos. Lánzase a un combate ao que se unen François e Emmanuel, outras vítimas do sacerdote, co fin de se liberar dos seus sufrimentos a través da palabra. Baseado no caso real de Bernard Preynat, sacerdote da Diócese de Lyon, acusado en 2016 de abusar sexualmente de decenas de crianzas.

«Un filme de feitos, dando distintas miradas sobre o trauma, a dor, a loita. Non deixa fóra nin un floco do problema do abuso a menores dentro da Igrexa Católica»

Irene Crespo CINEMANÍA



“O importante era contar a intimidade de homes magoados na súa infancia e a historia desde a mirada das vítimas”

Entrevista con François Ozon

Con *Grazas a Deus*, é a primeira vez que se enfronta a un tema de actualidade e, ademais, con moitos personaxes. Ao principio tiña a intención de facer un filme ao redor da fragilidade masculina. Ocupeime a miúdo de mulleres fortes. Neste caso apetecía-me achegarme a homes que deben enfrontarse ao sufrimento e ás emocións, dúas cousas que se asocian tradicionalmente ao xénero feminino. De feito, o primeiro título do filme era *O home que chora*. Pero foi entón cando se cruzou no meu camiño o asunto Preynat. Lin testemuños de homes que sufriran abusos sendo nenos no seo da igrexa no portal *A parole libérée*, e un conmoveume de forma especial. Refírome ao de Alexandre, un católico fervente que contaba o seu percorrido até os 40 anos, idade na que por fin puido falar. O portal tamén contiña entrevistas, artigos de xornais e extractos dos correos electrónicos que intercambiara coas altas instancias católicas de Lyon, como o cardeal Barbarin e Régine Maire, encargada da oficina de axuda psicolóxica ás vítimas de sacerdotes. Parecéronme

documentos apaixonantes e púxenme en contacto con Alexandre.

Como foi o encontro con Alexandre?

Presentouse cun cartafol que contiña todos os correos electrónicos até a presentación da denuncia. Conmoveume que me confiase estes documentos, dos que se oen bastantes extractos en off ao principio do filme. Primeiro pensei converter un material tan incríbel nunha obra de teatro e posteriormente nun documental. Volvín ver a Alexandre a miúdo e levei a cabo unha auténtica investigación xornalística durante a que coñecín a outras vítimas, entre as que estaban François e Pierre-Emmanuel e os seus achegados, mulleres, fillos, parentes, a nai de Pierre-Emmanuel, as súas avogadas... Non filmaba a ninguén, pero escoitaba, tomaba notas.

Que lle fixo abandonar a idea do documental para inclinarse pola ficción? Cando empecei a falar de forma máis concreta do proxecto coas vítimas, sentín unha decepción e unha especie de reticencia ante o xénero documental. Xa concederan decenas de entrevistas á prensa, participaran en reportaxes, en documentais para televisión... Intrigáballes que un realizador de cinema se interesara por eles. Xa se imaxinaban un filme ao estilo de *Spotlight* [Thomas McCarthy, 2015] e como personaxes de ficción encarnados por actores coñecidos. Esperaban que fíxese o que realmente sei facer... e lanceime a unha ficción con certa aprehensión porque sentía un enorme agarimo polos personaxes reais e temía non atopar a maneira de encarnalos, de facerlles xustiza.

Como foi a escritura do guión?

Recoñezo que cando empecei entráronme ganas de retorcer o material para que coubesse no meu guión. Cando eses homes contan a súa historia, deixan zonas escuras, e eu tiña tendencia a usar atallos. Tamén me asustou o número de personaxes e pensei en reducilos. Por exemplo, fundir as avogadas nun só personaxe co fin de ser máis eficaz desde unha perspectiva narrativa. Pero as dúas mulleres tiñan unha personalidade e un punto de vista diferentes, polo que decidín asumir a amplitude dun filme coral e respectar o máximo posible os feitos auténticos e a súa complexidade.

Falou co cardeal Barbarin, Régine

Maire e Bernard Preynat? Desde o momento en que abandonei a idea de realizar un documental coñecelos xa non tiña sentido porque non dirían nada que non soubese. Os feitos, os datos da investigación, todo o que amosa o filme referente a este tres personaxes xa o dixo a prensa e pode atoparse en Internet. Non inventei nada dos feitos. O importante para min era contar a intimidade de homes magoados na súa infancia e a historia desde a mirada das vítimas. En canto á realidade e ás reaccións da súa contorna tomei certas liberdades, sen por iso deixar de ser fiel á súa traxectoria e aos seus testemuños. Por iso non conservei os apelidos, porque se converteron en heroes de ficción, todo o contrario do cardeal Barbarin e do pai Preynat.

Publicado en <https://macguffin007.com>
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

El amante doble, François Ozon. Cameo [DVD]
Frantz, François Ozon. Golem [DVD]
Joven y bonita, François Ozon. Cameo [DVD]
En la casa, François Ozon. Cameo [DVD]
Una nueva amiga, François Ozon. Ozon [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax